

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 30 DE ABRIL DE 2015.

ASISTENTES:

Presidente:

D^a. Ana Ledo Fernandez

Concelleiros:

- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D^a. Silvia Mosteiro Monterroso
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:02 horas do día trinta de abril de dous mil quince, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa D^a. Ana Ledo Fernandez

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Secretaria-Interventora:

D^a Rebeca Vázquez Vázquez

De seguido a alcaldesa abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecida polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 26/02/2015 de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Pregunta a Sra. Alcaldesa-presidenta se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non son formuladas observacións, polo que, o Pleno municipal con dez votos a favor, catro dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto e coa abstención de Isabel Sesar Otero

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de data 26/02/2015

2.- DITAME LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO CON APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO

Pola Secretaría dáse lectura o ditame (de 27/04/2015) relacionado con este punto da orde do día que se reproduce a continuación literalmente:

“Sen máis intervencións con tres votos a favor, dous dos concelleiros do PsdG-PSOE, un do concelleiro do grupo mixto e con dúas abstencións dos dous concelleiros do grupo municipal do PP a comisión ditaminou favorablemente o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar a modificación, vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria polo importe que se indica ,creando a seguinte partida : financiado con baixa por anulación na partida de inversións: 920.635 creando a seguinte partida. Partida 170.62100 Administración xeral, medio ambiente, bens naturais, por importe de 1.519,94€.

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinado e que non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente o pago de facturas reparadas e gastos realizados sen crédito orzamentario indicados nos considerandos deste acordo.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2015 crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa, por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90 do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

Quinto.- Levantar ó reparo suspensivo de secretaría intervención en relación con ditos gastos de data 21/04/2015, condicionando dito levantamento á definitiva aprobación deste expediente de modificación de créditos.“

Pola Alcaldía explícase este ditame, e a motivación da realización do gastos sen partida previa. Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria polo importe que se indica, creando a seguinte partida: financiado con baixa por anulación na partida de inversións: 920.635 creando a seguinte partida. Partida 170.62100 Administración xeral, medio ambiente, bens naturais por importe de 1.519,94€.

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente o pago de facturas reparadas e gastos realizados sen crédito orzamentario indicados nos considerandos deste acordo.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2015, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa, por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas .

Cuarto. - Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

Quinto.- Levantar o reparo suspensivo de secretaría intervención en relación con ditos gastos de data 21/04/2015 condicionando dito levantamento á definitiva aprobación deste expediente de modificación de créditos

3.- DITAME DE APROBACIÓN PLAN SANEAMENTO ECONÓMICO FINANCIERO

Pola Secretaría dáse lectura o ditame (de data 27/04/2015) relacionado con este punto da orde do día que se reproduce a continuación literalmente:

“Sen máis intervencións, cun voto a favor o da Alcaldía e con 4 abstencións dos demais membros da comisión a CIPEC ditaminou favorablemente o seguinte **ACORDO:**

PRIMERO.- Aprobar el plan económico financiero presentado por la Secretaria Interventora del ayuntamiento de Boimorto desarrollado en aplicación del artículo 21 de la Ley orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera que se reproduce en los considerandos de este acuerdo por incumplimiento de regla de gasto y normativa de estabilidad presupuestaria en la liquidación del ejercicio 2014.

SEGUNDO.- Publicar la aprobación en el BOP y en la web municipal .

TERCERO.- Dar traslado de este acuerdo a la secretaría intervención para su inmediata puesta en práctica.

ANEXO PLAN SANEAMIENTO ECONOMICO FINANCIERO **PLAN SANEAMIENTO ECONOMICO FINANCIERO 2015**

Rebeca Vázquez Vázquez , Secretaria Interventora del Ayuntamiento de Boimorto A Coruña , en el ejercicio de mis funciones, he confeccionado un plan económico financiero solicitado por Alcaldía teniendo en cuenta como fundamento los estados de la liquidación del ejercicio 2014.

1.-NORMATIVA:

Ley orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

Real decreto 1463/2007 de 2 de noviembre por el que se aprueba el reglamento de desarrollo de la ley 18/2001 de 12 de diciembre de estabilidad presupuestaria en su aplicación a las entidades locales

2.-CONCEPTO:

Este plan económico financiero regulado el la Ley orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera , artículos 21 y 23 trae su causa del incumplimiento acreditado en los estados de la liquidación presupuestaria del 2014 por incumplimiento del techo de gasto y del objetivo de estabilidad presupuestaria (en este caso teóricamente sin tener el Ayuntamiento de Boimorto deuda y por uso del Remanente de tesorería para gastos generales del ejercicio 2013 en el ejercicio 2014 para financiar inversiones).

Se manifestó el incumplimiento de la normativa de regla de gasto y estabilidad presupuestaria con la aprobación de la liquidación del ejercicio 2014. (se acompaña a este informe informe a la liquidación presupuestaria de esta intervención y decreto de Alcaldía aprobando la liquidación presupuestaria del 2014).

Debe aprobarse antes de dos meses desde su presentación ante el órgano competente para su aprobación que es el Pleno y tendría que aprobarlo con mayoría simple (artículo 21 Reglamento normativa estabilidad presupuestaria) no es necesaria la tutela financiera para su aprobación ni seguimiento del mismo (artículos 21 y 22 del Reglamento) por no ser entidad local de los artículos 111 y 135 del Texto refundido da la ley reguladora de las Haciendas locales RD legislativo 2/2004.

La publicidad será la misma que la establecida para la aprobación del presupuesto (artículo 23.4 LOEP) y en su contenido constará como mínimo:

- A) Causas de incumplimiento
- B) Previsiones tendenciales de ingresos y gastos
- C) Descripción , cuantificación y calendario de aplicación de las medidas incluidasn en el plan con partidas presupuestarias.
- D) Previsión de variables económicas y presupuestarias de partida y supuestos base.
- E) Análisis de la sensibilidad considerando escenarios alternativos .

El horizonte temporal del plan es el año en curso y siguiente .

3.- CAUSAS DIAGNÓSTICO PREVISIÓN (se reproduce decreto aprobación liquidación presupuestaria 2014 y análisis regla de gastos estabilidad presupuestaria en informe a la liquidación de esta secretaría intervención)

3.1 Datos liquidación 2014

Decreto: 60 / 2015

Data decreto: 27/02/2015

Descrición decreto: Aprobación liquidación do orzamento de 2014.

DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, en aplicación dos artigos 191.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo e artigo 90 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril de desenvolvemento da Lei reguladora das facendas locais e demais normativa.

Visto o expediente de liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2014 no que consta informe de secretaria intervención de data 27/02/2015 en cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2014

**ORZAMENTO CORRENTE
INGRESOS:**

CAPITULO	ORZAMENTO INICIAL	MODIF.	ORZAMENTO DEFINITIVO	DEREITOS RECOÑ. NETOS	RECADACIÓN LIQ. NETA	TOTAL LIQ. ANULADAS	PDTE. DE COBRO A 31/12
I	323.709,13	0,00	323.709,13	348.910,371	348.910,37	0,00	0,00
II	50.000,00	0,00	50.000,00	9.972,97	4.815,64	0,00	5.157,33
III	637.205,05	0,00	637.205,05	695.340,14	656.854,09	26,50	38.486,05
IV	927.204,14	119.555,75	1.046.759,89	1.064.285,55	880.721,12	15.830,64	183.564,43
V	500,00	0,00	500,00	279,72	279,22	0,00	0,00
VII	332.764,33	267.153,68	589.918,01	340.931,93	124.793,04	0,00	216.138,89
VIII	0,00	265.399,45	265.399,45	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	2.261.382,65	652.108,88	2.913.491,53	2.459.720,18	2.016.373,48	23.481,00	443.346,70

GASTOS:

CAPITULO	ORZAMENTO INICIAL	MODIF.	ORZAMENTO DEFINITIVO	GASTOS COMPROMETIDOS	OBRIGAS RECOÑ. NETAS	PAGOS LIQ. REALIZADOS	OBRIGAS PDTES. PAGO A 31/12
I	1.112.139,97	48.948,47	1.161.088,44	1.115.303,28	1.115.303,28	1.091.825,62	23.477,66
II	697.812,99	84.218,37	782.031,36	741.046,10	721.433,89	721.384,89	49,00
III	4.000,00	0,00	4.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00
IV	31.491,10	-3.000,00	28.491,10	6.863,81	6863,81	6.545,39	318,42
VI	415.938,50	521.942,04	937.880,63	786.861,85	649.329,13	423.577,56	225.751,57
Total	2.261.382,65	652.108,88	2.913.491,53	2.650.075,04	2.492.930,11	2.243.333,46	249.596,65

Capitulos	Remanentes comprometidos	Remanentes non comprometidos
1	0	45.785,16
2	19.612,21	40.985,26

3	0,00	4.000,00
4	0,00	21.627,29
6	137.532,72	151.018,78
Total	157.144,93	259.416,49

ORZAMENTOS PECHADOS

INGRESOS:

1

	DEREITOS PENDENTES DE COBRO 31/12/2014
TOTALS	54.591,73

GASTOS:

	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO 31/12/2014
TOTALS	50,00

RESULTADO ORZAMENTARIO

1. Dereitos recoñecidos netos 2.459.720,18
2. Obrigas recoñecidas netas 2.492.930,11
3. Resultado orzamentario (1-2) -33.209,93
4. Gastos financiados con remanente líquido de tesourería 238.603,83
5. Desviacións negativas de financiación 26.786,07
6. Desviacións positivas de financiación 13.764,95

7. Resultado Orzamentario axustado (3+4+5-6) 218.415,02

REMANENTE DE TESOURERIA

1.- (+)Fondos líquidos Tesourería a fin de exercicio 103.886,37

2.-(+) **Dereitos pendentes de cobro** a fin de exercicio 501.635,19

1a) Do Orzamento de ingresos corrente 443.346,70

1b) Do Orzamento de ingresos pechados 54.591,73

1d) De operacións non orzamentarias 3.696,76

(-) Ingresos realizados pendentes de aplicación 0,00

3.- (-) **Acreeedores pendentes de pago** a fin de exercicio **329.907,60**

2a) Do Orzamento de pagos corrente 249.596,65

2b) Do Orzamento de pagos pechados 50

2c) De operacións non orzamentarias 80.260,95

(+) Pagos realizados pendientes de aplicación 0,00

I.-Remanente de Tesourería Total = 1+2-3= 275.613,96

II.- (-) Saldos de dubidoso cobro= 19.014,79

III.- Remanente de tesourería para gastos con financiación afectada= **13.764,95**

IV.- Remanente de tesourería para gastos xerais= **242.834,22**

SEGUNDO.- Da liquidación do orzamento 2014 darase conta o Pleno municipal na primeira sesión que celebre.

TERCEIRO.- Da Liquidación do orzamento remítase copia á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

Boimorto, vinteseite de febreiro de dous mil quince

Perante min:

A Alcaldesa

A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez”

“C.7.- ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA Y REGLA DE GASTO:

C.7.1.-ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA

El cálculo de la estabilidad presupuestaria se manifiesta en los siguientes apartados:

a) Derechos reconocidos capítulos 1 a 7 de presupuesto corriente= 2.459.720,18€

b) Obligaciones reconocidas capítulos 1 a 7 de presupuesto corriente= 2.492.930,11€

= - 33.209,93€

Ajustes recaudación capítulo 2 = -2.194,05 capítulo 3 = -4.009,73

(Derechos reconocidos Recaudación corrientes y cerrados

Capítulo 1 348.910,37 100% 348.910,37€

Capítulo 2 9.972,97 4.815,64+ cerrados 2.955,25

Capítulo 3 695.340,14 656.854,09 + cerrados = 691.332,29)

Ajuste + PTE 2008/2009= 15.830,64

Ajuste + 413 aplicada = 5.250,19

INESTABILIDAD= 18.332,88€

C.7.2.- REGLA DE GASTO :

Vista la guía para la determinación de la regla de gasto del artículo 12 del LOEPSF 2ª edición elaborada por IGAE, “ la variación del gasto computable de la Administración central , las CCAA y de las Corporación locales, no podrá superar la tasa de referencia de crecimiento del producto interior bruto de medio plazo de la economía española” “ se entenderá por gasto computable... los empleos no financieros definidos en términos del sistema europeo de cuentas, excluidos los intereses de la deuda, e gasto no discrecional en prestaciones por desempleo, la parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión europea o de otras AAPP y las transferencias a las CCAA y a las corporaciones locales vinculadas a los sistemas de financiación”

La tasa de variación del gasto computable de un ejercicio se calcula de acuerdo con la siguiente fórmula:

T.V. Gastos computable (%) = $\frac{(\text{Gasto computable año } n-1) \times 100}{\text{Gasto computable año } n-1}$

que se realizará en función de la liquidación

Gasto computable liquidación ejercicio 2013 (cuando se aprobó el 2014 aún no estaba aprobada la liquidación de 2013) = OR 2.220.648,47

- transferencias otras AAPP 803.589,16€

+ 5.250,19 (cuenta 413)

= 1.422.309,5

*1,5%= incremento de 21.334,64

+36.851,42IBI

GASTO MÁXIMO ADMISIBLE REGLA DE GASTO = 1.480.495,56€

Gasto computable liquidación ejercicio 2014 = OR 2.492.930,11

- transferencias otras AAPP 788.114,88€

- 5.250,19 (cuenta 413)

= **1.699.565,04**

Se incrementó el gasto por encima de regla de gasto en= 219.069,48€ HAY INCUMPLIMIENTO DE LA REGLA DE GASTO PRINCIPALMENTE POR LAS OBLIGACIONES RECONOCIDAS FINANCIADAS CON REMANENTE DE TESORERÍA DEL EJERCICIO ANTERIOR QUE ASCENDIERON A = 238.603,83€ Y SEGÚN CONSULTA AL MINISTERIO NO PUEDEN MINORARSE POR NO SER DE APLICACIÓN EL NUMERO 4 DE LA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DE LA LOEPSF 2/2012 DE 27 ABRIL.

3.2 DIAGNÓSTICO CONCLUSIONES:

1.- El Ayuntamiento de Boimorto mantiene una situación saneada tanto desde el punto de vista del resultado presupuestario como del remanente de tesorería.

2.- El incumplimiento de regla o techo de gasto viene de la utilización de Remanente de tesorería para gastos generales del ejercicio anterior. Esa utilización también repercute negativamente en el cumplimiento de la normativa de estabilidad presupuestaria.

A pesar de no tener deuda financiera y visto que el incumplimiento se repite año tras año por la realización de gastos financiados con remanente de tesorería para gastos generales del ejercicio anterior, informa esta Secretaría Intervención que en aplicación del artículo 21 del Ley orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera será necesario la formulación de un plan económico financiero que permita en un año el cumplimiento de los objetivos de regla de gasto y estabilidad **y que se resumiría en una limitación al uso del remanente del ejercicio 2014 en el año 2015.**

3.3 PREVISIONES

Visto marcos presupuestarios (decreto 83/2015 en los que no se prevé la apelación a crédito a largo plazo) en los que la variación 2015 en relación al presupuesto 2015 **vienen de gastos subvencionados (capítulo 7 de ingresos 6 de gastos) y que no deberían ejecutarse sin obtener la financiación prevista tal y como se acuerda en las bases de ejecución del presupuesto municipal y memoria de la Alcaldía asumiendo este compromiso , las previsiones llevan en este año sin utilización del remanente de tesorería para gastos generales que arrojó la liquidación del 2014 (salvo en relación a la incorporación de remanentes de crédito financiada con este remanente para gastos generales) al cumplimiento de la estabilidad presupuestaria y la normativa de techo de gasto.**

4.- MEDIDAS A ADOPTAR DESDE LA APROBACION HASTA 31/12/2015

4.1 NO SE UTILIZARÁ EN EL EJERCICIO 2015 EL REMANENTE DE TESORERÍA PARA GASTOS GENERALES DE LA LIQUIDACIÓN DEL EJERCICIO 2014 MÁS QUE PARA LA INCORPORACIÓN DE REMANENTES YA APROBADA EN DECRETO DE LA ALCALDÍA : 20 / 2015 POR IMPORTE DE 58.515,30€

Data decreto: 23/01/2015

Descripción decreto: Incorporación remanentes de crédito do exercicio 2014 ó 2015.

DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Considerando que de algúns gastos previstos no exercicio de 2014 quedaron partes pendentes de executar, o que deu lugar a consignacións no Orzamento do exercicio de 2014 de cantidades que non se esgotaron.

Visto que o remanente de credito referido a gasto con financiación afectada é de incorporación obrigatoria.

Dándose as circunstancias que contempla o artigo 182 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e no Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, así como na Base 16 das Bases de Execución do Orzamento Municipal de 2014, para a incorporación de remanentes de crédito do Orzamento do exercicio anterior.

Visto o expediente tramitado para a modificación de credits nº 1/2015 subexpediente de incorporación de Remanentes de Crédito nº1/2015, no que consta o informe da Secretaria Intervención de data 23/01/2015.

De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldia pola lexislación vixente no artigo 21.1 f) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do rexime local e no artigo 217 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais asi como as bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boimorto para o ano 2014

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente administrativo de modificación de créditos nº 1/2015 subexpediente de incorporación de remanentes de crédito 1/2015 coa seguinte distribución nos estados de ingresos e de gastos do orzamento municipal do 2015:

Remanentes a incorporar do exercicio 2014

Partida orzamentaria

Importe crédito a incorporar

1) Créditos por operacións de capital:

PARTIDA DE GASTOS	CONCEPTO	IMPORTE EN €UROS	FINANCIACION
1532.5J.61900	Deputación convenio obra Mejora plazas públicas	1.053,72	1.053,72 €: Compromiso firme aportación (art. 48.3.a) RD 500/90
1532.L5.63152	Deputación DTC: Mejora caminos parroquias Anda- Bao, Arceo y Buazo	62.073,00	62.073,00 €: Compro- miso firme aportación (art. 48.3.a) RD 500/90.
1532.L6.63153	Deputación DTC: Mejora caminos parroquias Brates y Cardeiro	74.406,00	74.406,00 €:Compromiso firme aportación (art. 48.3.a) RD 500/90
432.62700	Obra zona cubierta re- fugio de Sendelle	17.299,00	17.299,00 €: Rema- nente líquido de te- sourería (art. 48.2 a) RD 500/90.
TOTAL EN €UROS.....		154.831,72	

2) Créditos por operacións correntes:

PARTIDA DE GASTOS	CONCEPTO	IMPORTE EN €UROS	FINANCIACION
241.6J.13100	Cooperacion 2014: salarios 1 técnico ori- entación laboral	8.710,11	8.710,11 €: Exceso de fi- nanciación (art. 48.2.a) RD 500/90.
241.6J.16000	Cooperacion 2014: seguridade social 1 técnico orientación labo- ral	2.707,08	2.707,08 €: Exceso de fi- nanciación (art. 48.2.a) RD 500/90.
163.4K.13100	Cooperacion 2014: salarios 2 peons medio ambiente perceptores Risga	1.731,57	1.731,57 €: Exceso de fi- nanciación (art. 48.2.a) RD 500/90.
163.4K.16000	Cooperacion 2014: seguridade social 2 peons medio ambiente percepto- res Risga	616,19	616,19 €: Exceso de fi- nanciación (art. 48.2.a) RD 500/90.
241.3K.13100	Instituto de la Mujer: salarios 1 técnico pro- grama Clara	7.178,91	7.178,91 €: Compromiso firme aportación (art. 48.3.a) RD 500/90.
241.3K.16000	Instituto de la Mujer: ▯ seguridade social 1 técnico programa Clara	2.681,01	2.681,01 €: Compromiso firme aportación (art. 48.3.a) ▯ RD 500/90.
241.3K.22799	Instituto de la Mujer:	11.654,88	11.654,88 €: Compromi-

	Gastos corrientes Programa Clara		sos firmes aportación (art. 48.3.a) RD 500/90
151.22706	Servizo conservación e mantemento xardins e xonas verdes	11.276,67	11.276,67 € Remanente líquido tesourería (art. 48.2.a) RD 500/90
920.22799	Servizo mantemento elevadores municipais	1.473,77	1.473,77 € Remanente líquido tesourería (art. 48.2.a) RD 500/90
231.13100	Gastos persoal auxiliar axuda domicilio Emerxencia social	2.818,38	2.818,38 € Remanente líquido tesourería (art. 48.2.a) RD 500/90
231.48000	Emerxencia social subvencions	1.941,10	1.941,10 € Remanente líquido tesourería (art. 48.2.a) RD 500/90
241.47000	Creación emprego subvencions	13.681,58	13.681,58 € Remanente líquido tesourería (art. 48.2.a) RD 500/90
430.22199	Curtometraxe telleira Boinil	1.669,80	1.669,80 € Remanente líquido tesourería (art. 48.2.a) RD 500/90
920.22799	Elaboración RPT	4.000,00	4.000,00 € Remanente líquido tesourería (art. 48.2.a) RD 500/90
231.22703	Servizo enfermería MRD de 29/12/2014 a 09/01/2015	805,00	805,00 € Remanente líquido tesourería (art. 48.2.a) RD 500/90
231.48000	Emerxencia social, atención a menor M ^a . Asunción Felpete Vilariño	1.050,00	1.050,00 € Remanente líquido tesourería (art. 48.2.a) RD 500/90
231.48000	Emerxencia social, mantemento vivenda M ^a . Carmen Mosquera Pereira	600,00	600,00 € Remanente líquido tesourería (art. 48.2.a) RD 500/90
231.48000	Emerxencia social, mantemento vivenda M ^a . Carmen Sande Castro	400,00	400,00 € Remanente líquido tesourería (art. 48.2.a) RD 500/90
231.48000	Emerxencia social, atención a menor (400) e mantemento vivenda (200) M ^a . Carmen Cabo Graña	600,00	600,00 € Remanente líquido tesourería (art. 48.2.a) RD 500/90
231.48000	Emerxencia social, atención a menor (300) e mantemento vivenda (300) Viviana del Carmen Vasquez Chavez	600,00	600,00 € Remanente líquido tesourería (art. 48.2.a) RD 500/90
231.48000	Emerxencia social, mantemento vivenda Asunción Regueira Freire	300,00	300,00 € Remanente líquido tesourería (art. 48.2.a) RD 500/90
TOTAL EN EUROS.....		76.406,05	

Total de créditos pendientes de incorporar..... 231.327,77 Euros

Proposta de créditos a incorporar 231.327,77 Euros

Financiación.

Dando cumprimento ó disposto nos artigos 48.1 do RD 500 e 182 do TRLBRL, os remanentes que se pretenden incorporar contan coa financiación precisa, segundo se detalla a continuación:

O detalle da financiación por conceptos presupostarios resulta do seguinte xeito:
A financiación do total de 231.327,77 Euros de créditos a incorporar ó orzamento do vixente neste exercicio (agora mesmo orzamento prorrogado do 2014), procede levala a cabo da seguinte forma:

a) Con cargo ó remanente liquido de tesourería.....	58.515,30 Euros
b) Con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente.....	0,00 Euros
c) Con compromisos de aportación afectados a determinados remanentes....	159.047,52 Euros
d) Con excesos de financiación (RTGFA).....	13.764,95 Euros
<u>Total igual ós créditos a incorporar.....</u>	231.327,77 Euros

SEGUNDO.-Deste Decreto dese conta ó Pleno municipal na primeira sesión que celebre a partir desta data e ós servizos contabeis para o seu rexistro.

Boimorto, vintetrés de xaneiro de dous mil quince

Perante min:

A Alcaldesa
Asdo.- Ana Ledo Fernandez

A secretaria
Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez”

4.2 NO SE APELARÁ A CRÉDITO PARA FINANCIACIÓN DE INVERSIONES EN 2015.

4.3 No se asumirán con fondos propios gastos previstos como subvencionados en el presupuesto municipal.

5.- CONCLUSIONES

Las medidas indicadas en el apartado anterior destacando la no utilización del remanente de tesorería para gastos generales en el ejercicio 2015, obtenido de la liquidación del presupuesto de 2014 , más que en la cuantía necesaria para incorporación de remanentes financiada con remanente de tesorería para gastos generales (modificación ya aprobada por decreto de Alcaldía) permitirá cumplir regla de gasto y estabilidad presupuestaria manteniendo la no existencia de deuda financiera en esta entidad local.

Boimorto 20 de abril de 2015
La Secretaria Interventora

Fdo.- Rebeca Vázquez Vázquez”

Pola Alcaldía explicase este ditame dicindo que o uso que se fixo do remanente de tesourería en inversións foi aceptado polo Pleno e foi para o ben de todos, que a normativa trata igual concellos como Boimorto sen débeda que os que non o están e debe rectificarse o incumprimento da regra de gasto por uso de remanente cunha medida como é a conxelación de dito uso do remanente de 2014 durante 6 meses, sen comprometer a xestión futura, e tendo en conta que a boa xestión e a dun bo orzamento, e que non usar o remanente fai que nun futuro non poda incrementarse o orzamento.

O concellerio do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas di que lle parece esaxerado o gasto de todo ese remanente, que non se pode hipotecar o futuro do Concello. Nos mesmos termos maniféstase a concelleira do PsdG-PSOE D^a Isabel Sesar. D. Xosé Luís Rivas continúa dicíndolle a Alcaldesa que se pasaron cos gastos en Magreco. A concelleira do grupo municipal do PP, D^a M^a Jesús Novo, coincide nisto e indica que aínda que deixaban unha carpa gratis non a quixo a Alcaldesa. Responde a Alcaldesa que non valía para o gando que non disfrace a realidade.

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas denuncia a gravilla tirada nas pistas e a cantidade de baches sen tapar di que a pista de pádel foi un luxo innecesario e pide que se lle aclare a verdadeira e final aportación para o Festival de la Luz e se lle van a dar á empresa organizadora os 30.000€ da subvención que é para Boimorto.

Continúa o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas sinalando que templou moito e que agora se atopa con cousas que non valen o que é un abuso, así, di todos saben o final da reunión do Festival de la Luz , a tensión no acto de entrega do donativo, o disgusto da Alcaldía ..., e sinala que quere saber se hai unha hipoteca para o Concello .

Di a Alcaldesa que o techo do gasto do Festival de la luz parte dos gastos do 2014 e se hai máis será por mellora e por incremento de instalacións.

A Secretaría pide a palabra á Alcaldía para sinalar a obrigatoriedade de aprobación do plan de saneamento económico financeiro que nada ten que ver cos bos resultados dunha liquidación do 2014 con resultado e remanente positivo e que é necesario por normativa de teito de gasto e estabilidade orzamentaria, xa que, de non aprobarse pode sacarse a xestión municipal e derivar nunha comisión xestora (a concelleira D^a Isabel Sesar di que sería mellor). O concelleiro do grupo mixto pregunta se é obrigatoria a súa aprobación a secretaria explica que entende que si.

Sen máis intervencións, **queda sen aprobar o ditame xa** que só obtén dous votos a favor (dos concelleiros do PsdG-PSOE Ana Ledo Alcaldesa e José Angel Rey Seoane) votando en contra os cinco concelleiros do grupo municipal do PP e os concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, D^a Isabel Sesar e D. Alvaro Fontecoba e con dúas abstencións a do concelleiro do grupo mixto e a da concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE, D^a Silvia Mosteiro.

4.- DACIÓN CONTA LIQUIDACIÓN 2014

Pola Secretaria dáse conta do decreto de aprobación da liquidación do orzamento municipal de 2014 que se reproduce literalmente:

“Decreto: 60 / 2015 Data decreto: 27/02/2015 Descrición decreto: Aprobación liquidación do orzamento de 2014.

DONA ANA LEDO FERNÁNDEZ, ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, en aplicación dos artigos 191.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo e artigo 90 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril de desenvolvemento da Lei reguladora das facendas locais e demais normativa.

Visto o expediente de liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2014 no que consta informe de secretaria intervención, de data 27/02/2015, en cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo

RESOLVO:**PRIMEIRO.-** Aprobar a liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2014**ORZAMENTO CORRENTE
INGRESOS:**

CAPÍTULO	ORZAMENTO INICIAL	MODIF.	ORZAMENTO DEFINITIVO	DEREITOS RECOÑ. NETOS	RECADACIÓN LIQ. NETA	TOTAL LIQ. ANULADAS	PDTE. DE COBRO A 31/12
I	323.709,13	0,00	323.709,13	348.910,371	348.910,37	0,00	0,00
II	50.000,00	0,00	50.000,00	9.972,97	4.815,64	0,00	5.157,33
III	637.205,05	0,00	637.205,05	695.340,14	656.854,09	26,50	38.486,05
IV	927.204,14	119.555,75	1.046.759,89	1.064.285,55	880.721,12	15.830,64	183.564,43
V	500,00	0,00	500,00	279,72	279,22	0,00	0,00
VII	332.764,33	267.153,68	589.918,01	340.931,93	124.793,04	0,00	216.138,89
VIII	0,00	265.399,45	265.399,45	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	2.261.382,65	652.108,88	2.913.491,53	2.459.720,18	2.016.373,48	23.481,00	443.346,70

GASTOS:

CAPÍTULO	ORZAMENTO INICIAL	MODIF.	ORZAMENTO DEFINITIVO	GASTOS COMPROMETIDOS	OBRIGAS RECOÑ. NETAS	PAGOS LIQ. REALIZADOS	OBRIGAS PDTE. PAGO A 31/12
I	1.112.139,97	48.948,47	1.161.088,44	1.115.303,28	1.115.303,28	1.091.825,62	23.477,66
II	697.812,99	84.218,37	782.031,36	741.046,10	721.433,89	721.384,89	49,00
III	4.000,00	0,00	4.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00
IV	31.491,10	-3.000,00	28.491,10	6.863,81	6.863,81	6.545,39	318,42
VI	415.938,50	521.942,04	937.880,63	786.861,85	649.329,13	423.577,56	225.751,57
Total	2.261.382,65	652.108,88	2.913.491,53	2.650.075,04	2.492.930,11	2.243.333,46	249.596,65

Capítulos	Remanentes comprometidos	Remanentes non comprometidos
1	0	45.785,16
2	19.612,21	40.985,26
3	0,00	4.000,00
4	0,00	21.627,29
6	137.532,72	151.018,78
Total	157.144,93	259.416,49

**ORZAMENTOS PECHADOS
INGRESOS:**

1

	DEREITOS PENDENTES DE COBRO 31/12/2014
TOTAIS	54.591,73

GASTOS:

	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO 31/12/2014
TOTAIS	50,00

RESULTADO ORZAMENTARIO

1. Dereitos recoñecidos netos 2.459.720,18
2. Obrigas recoñecidas netas 2.492.930,11
3. Resultado orzamentario (1-2) -33.209,93
4. Gastos financiados con remanente líquido de tesourería 238.603,83
5. Desviacións negativas de financiación 26.786,07
6. Desviacións positivas de financiación 13.764,95

7. Resultado Orzamentario axustado (3+4+5-6) 218.415,02

REMANENTE DE TESOURERIA

1.- (+) Fondos líquidos Tesourería a fin de exercicio 103.886,37

2.-(+) Dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio 501.635,19

- | | |
|---|------------|
| 1a) Do Orzamento de ingresos corrente | 443.346,70 |
| 1b) Do Orzamento de ingresos pechados | 54.591,73 |
| 1d) De operacións non orzamentarias | 3.696,76 |
| (-) Ingresos realizados pendentes de aplicación | 0,00 |

3.- (-) Acredores pendentes de pago a fin de exercicio 329.907,60

- | | |
|---|------------|
| 2a) Do Orzamento de pagos corrente | 249.596,65 |
| 2b) Do Orzamento de pagos pechados | 50 |
| 2c) De operacións non orzamentarias | 80.260,95 |
| (+) Pagos realizados pendientes de aplicación | 0,00 |

I.-Remanente de Tesourería Total = 1+2-3= 275.613,96

II.- (-) Saldos de dubidoso cobro= 19.014,79

III.- Remanente de tesourería para gastos con financiación afectada= **13.764,95**

IV.- Remanente de tesourería para gastos xerais= **242.834,22**

SEGUNDO.- Da liquidación do orzamento 2014 darase conta ó Pleno municipal na primeira sesión que celebre.

TERCEIRO.- Da liquidación do orzamento remítase copia á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

Boimorto, vinteseite de febreiro de dous mil quince

Perante min:

A Alcaldesa

A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernández

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas intervén sinalando a obrigatoriedade da relación de postos de traballo en relación co capítulo 1 de gastos pero di que non se entende que non entre a gardería e residencia, denuncia diferencias salariais a iguais funcións.

Pregunta si a RPT se fai en condicións, se vai ser aprobado convenio colectivo, como se van organizar os servizos e canto vai ser a dotación económica para o Festival de la luz.

A Alcaldesa di que en relación coa RPT estase negociando sen a súa presenza, xa que, considera que é mellor así e indica que hai servizos como os sociais e educativos que a finais deste ano por lei poden pasar á Xunta.

O concelleiro D. Xosé Luís Rivas solicita que conste en acta que el non sabía que estes servizos podían pasar á Xunta e que el defende a xestión directa dos servizos.

A concelleira do PP, D^a M^a Jesús Novo, di que o grave e que anden dicindo que o PP vai privatizar.

5.- APROBACIÓN INICIAL REGULAMENTO FUNCIONAMENTO PISTA DE PADEL E ESTABLECIMENTO PREZOS PÚBLICOS POLA SÚA UTILIZACIÓN.

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO PARA DITAMINAR POR COMISIÓN DE CONTAS PARA APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA PISTA DE PÁDEL E ESTABLECIMENTO DE PREZO/S PÚBLICO/S POLA SÚA UTILIZACIÓN.

Visto a necesidade de aprobación dun Regulamento de funcionamento da pista de pádel municipal e establecemento de prezo/s públicos pola súa utilización, así como os documentos obrantes no expediente.

Visto o informe de secretaría intervención de data 21/04/2015 a este expediente.

Propoño que a Comisión informativa permanente especial de contas ditamine favorablemente o seguinte acordo para o Pleno municipal

PRIMEIRO.- Aprobar un Regulamento de funcionamento da pista de pádel e establecemento de prezo/s público/s pola súa utilización, tal e como consta en anexo o seguinte acordo.

SEGUNDO.- Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Boimorto o 21 de abril de 2015

A Alcaldesa:

Asdo.-Ana Ledo Fernández

ANEXO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA PISTA DE PÁDEL E ESTABLECIMENTO DE PREZO/S PÚBLICO/S POLA SÚA UTILIZACIÓN.

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO.

A presente Ordenanza con base no artigo 84.1.a) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Rexedora das Bases de Réxime Local, así como no artigo 127 en relación co 41 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Rexedora das Facendas Locais, establece as condicións xerais de uso e o prezo público pola utilización da pista de pádel municipal.

ARTIGO 2.- OBXECTO.

É obxecto da presente ordenanza:

- a) Establecer as normas xerais de uso da pista de pádel municipal.
- b) Establecer o prezo público a satisfacer pola utilización de dita instalación.

ARTIGO 3.- COMPETENCIA.

Facúltase á Alcaldía para:

- a) Esixir responsabilidades e indemnizacións por danos e perxuizos ocasionados ás instalacións, así como impoñer sancións ós usuarios polo incumprimento do establecido nesta Ordenanza.
- b) Alterar, por necesidades do servizo público, de interés xeral ou de forza maior, a orde de preferencia na utilización do servizo e os horarios de apertura de peche.

TÍTULO PRIMEIRO.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO

ARTIGO 4.- USUARIOS

1. Poderán utilizar as pistas de pádel calquera persoa que o solicite e que aboara o correspondente aluguer da pista.

2. Queda prohibido o uso da pista:

___ Aos menores de 12 anos, salvo que se encontren baixo a supervisión dun adulto.

___ Aquelas persoas que fosen sancionadas conforme a esta Ordenanza e durante o tempo que dure a sanción.

ARTIGO 5.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA INSTALACIÓN

5.1.- CONDICIÓN DE USO

1. Para poder usar a pista é necesario reservar e pagar o prezo público.

2. As reservas poderán realizarse en fraccións dunha hora, ou unha hora e trinta minutos.
3. Non se devolverá o importe da reserva cando se tivera reservado con anterioridade. En caso de que as condicións da pista ou a climatoloxía non permitan a práctica deportiva, terase a opción de anular a reserva cambiándoa para outro día.
4. Os acompañantes non poderán acceder á pista.
5. Dentro da pista non está permitido comer, fumar nin introducir obxectos de vidro ou calquera outro que poida causar danos ao céspede ou ás mamparas. Tampouco está permitida a entrada de animais.
6. Algunha das persoas que en cada momento estén utilizando as pistas deberá coincidir exactamente con aquela que se encontre apuntada no cuadrante de reserva de pistas. De non ser así, veranse obrigados a abandonar a pista.
7. Os usuarios serán responsables dos desperfectos ocasionados, podendo impoñerse sancións conforme á normativa legal e o disposto nesta ordenanza.
8. Os usuarios deberán seguir as instrucións e requirimentos do persoal encargado da instalación.
9. O Concello de Boimorto non se fará responsable en ningún caso de:
 - __ Lesións que poideran derivarse da práctica deste deporte.
 - __ Perda, roubo ou extravío de calquera tipo de obxecto que se deixe nas instalacións.

5.2.- EQUIPAMENTO

O equipamento para acceder á pista debe ser deportivo e adecuado á práctica deste deporte. Só se usarán palas e pelotas de pádel, quedando excluídos outros artefactos de impacto como raquetas de tenis, palas de praia, palas de frontón, pelotas de tenis, pelotas de frontón. A pista está adecuada á práctica de pádel, polo que calquera outro xogo queda prohibido.

5.3.- HORARIOS DE USO

Con carácter xeral, a solicitude de reserva da pista formularase con antelación suficiente á data de utilización e a súa reserva precisará de confirmación previa polo Concello, o cal comprobará se existe persoal encargado de atender a pista no horario solicitado, e se facilitarán datos de contacto.

Os horarios regulares de uso da pista serán:

Todos os días de 9:00 ata as 21:00 horas. Excepcionalmente, e fóra deste horario, poderase autorizar a súa utilización se existe dispoñibilidade de medios persoais no Concello para atender o servizo. A tal efecto, a solicitude de pista fóra do horario regular establecido formularase con antelación suficiente á data de utilización e a reserva, precisará de confirmación previa polo Concello, o cal comprobará se existe persoal encargado de atender a pista no horario solicitado, e se facilitarán datos de contacto do encargado de atender a instalación.

5.4.- DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES

O Concello de Boimorto poderá organizar competicións deportivas, cursos de pádel, etc., quedando anulado o sistema de reservas ata a conclusión de ditas actividades, xa que a pista quedará reservada a este fin. Tamén poderá o Concello restrinxir as reservas en determinadas horas ou días para labores de mantemento ou por ausencia de persoal que poida atender o servizo.

5.5.- CONSERVACIÓN DA PISTA

1. Antes de entrar na pista os xogadores deberán eliminar restos de terra ou barro que poideran levar nas zapatillas. Igualmente, ao saír da pista procurarán non deixar abandonados utensilios, complementos, roupas, botes de pelotas, botellas, etc.
2. Se os usuarios observan algunha anomalía ou desperfecto na instalación, deberán poñelo en coñecemento do Concello.

TÍTULO SEGUNDO.- PREZO PÚBLICO

ARTIGO 6.- NATUREZA

O recurso cuxo establecemento se regula na presente Ordenanza ten a natureza de prezo público, por non concorrir ningunha das circunstancias do artigo 20.1.B) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, xa que os servizos prestados pola instalación da pista de pádel é de solicitude e recepción voluntaria e susceptible de ser prestado polo sector privado.

ARTIGO 7.- OBRIGADOS Ó PAGO

Están obrigados ó pago do prezo público as persoas físicas que utilicen a instalación da pista de pádel municipal.

ARTIGO 8.- COANTÍA

A coantía do prezo público será a que resulte de aplicación da seguinte tarifa:

___ 4 €uros sen luz / hora ou hora e media.

___ 6 €uros con luz / hora ou hora e media.

___ Estarán exentos de pago os que posúan o carné socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal para todo o ano (ata 31/12 de cada anualidade).

ARTIGO 9.- ABONO DO PREZO PÚBLICO

1. O pago do prezo público polo uso da instalación realizarase en efectivo no momento de formular a solicitude de utilización e/ou reserva.
2. O usuario está obrigado a gardar o seu resgardo ata a saída da pista. Poderá ser requerido dito resgardo durante o desenvolvemento da actividade polo persoal encargado da instalación, así como, pola autoridade municipal competente.

TÍTULO TERCEIRO.- RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 10.- INFRACCIÓNS

1. Terá a consideración de infracción calquera incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, de conformidade co establecido no título XI da Lei 7/1985, de 2 de abril, rexedora das Bases do réxime local, tipificándose como moi graves, graves e leves.

Quenes fagan un mal uso da instalación ou provoquen danos intencionados poderán ser sancionados sen utilizar a pista, así como, ó abono dos danos causados.

2. Tipificación das infraccións.

2.1. Infraccións moi graves:

a) O acceso ilegal ou non autorizado ás instalacións.

b) A perturbación relevante que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ó normal desenvolvemento das actividades deportivas, sempre que a conduta non sexa subsumible nos tipos previstos no capítulo IV da Lei Orgánica 1/1992, de 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadana.

c) O impedimento do uso das instalacións aos demais usuarios.

d) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal desenvolvemento do servizo.

e) O deterioro grave e relevante das instalacións.

2.2. Infraccións graves:

Son infraccións graves as que supoñan danos ás instalacións distintos dos enumerados no apartado anterior.

2.3. Infraccións leves:

Son infraccións leves calquera outro incumprimento das disposicións da presente ordenanza que non poida cualificarse como grave ou moi grave.

ARTIGO 11.- SANCIONES.

1. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 1.501 ata 3.000 euros.
2. As infraccións graves serán sancionadas con multa de 751 ata 1.500 euros.
3. As infraccións leves serán sancionadas con multa de 75 ata 750 euros.
4. Así mesmo poderase impoñer como sanción a prohibición de utilizar as instalacións por tempo de ata tres meses para infraccións leves, de ata seis meses para as graves e de ata un ano para infraccións moi graves.

ARTIGO 12.- PROCEDIMIENTO SANCIONADOR

Para a sanción das infraccións tramitarase o correspondente expediente sancionador, con arranxo as disposicións contidas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e o Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto.

ARTIGO 13.- INDEMNIZACIÓN DE DANOS E PREXUIZOS

A imposición das sancións que procedan será independente e compatible coa esixencia polo Concello da responsabilidade que corresponda aos usuarios polos danos e prexuízos causados nas instalacións.

DISPOSICIÓN FINAL.- ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación deste Concello en sesión celebrada o díae definitivamente o e entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles a contar dende a publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido no artigo 70.2 en relación co art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Rexedora das Bases de Réxime Local, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.>>

Sen máis intervención, non se aproba esta proposta xa que tan só obtén tres votos a favor dos dous concelleiros do PSdG-PSOE D^a Ana Ledo e D. José Angel Rey Seoane e un do concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas, cinco votos en contra dos cinco concelleiros do grupo municipal do PP motivando este voto en contra en que se debe solicitar o uso con demasiada antelación, e tres abstencións dos concelleiros do PSdG-PSOE:

D^a Isabel Sesar que di se falara de que fose un uso gratuíto e non se cumpre o falado,
D. Alvaro Fontecoba e D^a Silvia Mosteiro.

6.- MODIFICACIÓN ACORDO MUNICIPAL REGULADOR DOS PREZOS PÚBLICOS POR ACTIVIDADES, SERVIZOS CULTURAI, DEPORTIVOS E ANÁLOGOS

Pola Alcaldía sinálase que a proposta e a modificación do texto do acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais deportivos e análogos publicado no BOP n^o 240 en data 10/11/2009 con redacción aplicable dende 16/12/2013, para que onde pon aprobación por acordo da Xunta de goberno local pase a ser por decreto da Alcaldía.

Sen máis intervencións non é aprobada a proposta de modificación deste punto da orde do día que tan só obtén dous votos a favor, dos dous concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE D^a Ana Ledo, Alcaldesa e D. José Ángel Rey , tendo 8 votos en contra cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE D. Alvaro Fontecoba, D^a Isabel Sesar e D^a Silvia Mosteiro (que explica o seu voto sinalando que os pre-

zos públicos afectan a todo o Concello e non debe decidir unha soa persoa) e unha abstención do concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas.

7.- DACIÓN DE CONTA DECRETO ALCALDÍA 88/2015 E 139/2015

Pola secretaria dáse conta dos decretos da Alcaldía 88/2015 e 139/2015 que a continuación se reproducen literalmente:

“Decreto: 88 / 2015 Data decreto: 16/03/2015 Descrición decreto: Aprobación de prezos públicos da actividade de promoción cultural no MAGRECO 2015.

DONA ANA LEDO FERNÁNDEZ, ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que establecerán os prezos públicos da actividade de promoción cultural no MAGRECO 2015 do Concello de Boimorto redactadas en data 23/02/2015 pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente

<<BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS DA ACTIVIDADE DE PROMOCIÓN CULTURAL NO MAGRECO 2015.

1.- Obxecto.

O obxecto destas bases é o establecemento dos prezos públicos para a actividade de MAGRECO 2015, co obxecto de promoción, fomento e apoio da feira, mediante a participación publicitaria no folleto informativo das actividades que se van levar a cabo.

O Concello elabora un boletín de publicidade onde se citarán as empresas que soliciten a súa participación no mesmo, previo pago dos prezos públicos.

2.- Obrigados ao pagamento.

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade de publicidade a través do folleto informativo do MAGRECO 2015.

Todos os interesados deberán cubrir unha solicitude na que acordan que están conformes coas bases dos prezos públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade.

3.- Contía

O prezo público da actividade é de 100€ ou 300€. E este prezo inclúe:

100€: páxina do interior do folleto informativo.

300€: contraportada.

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do prezo público, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que o soliciten no Concello, achegen o anuncio a publicar e a continuación iniciárase a prestación da actividade especificada no artigo 3, a obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 23 de febreiro de 2015

A normalizadora lingüística

Asdo.- Sylvia Cea Vázquez

A animadora sociocultural

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

En virtude do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividade, servizos culturais, deportivos e análogos, publicado no BOP nº 240 de data 10/11/2009 e en uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21 da Lei 7/1985 de bases de réxime local

RESOLVO:

PRIMEIRO.-Convocar e aprobar as bases que establecen os prezos públicos da actividade de promoción cultural no MAGRECO 2015, redactadas en data 23/02/2015 pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural, tal e como quedan reproducidas neste acordo sendo os prezos públicos para a promoción cultural de 100€ cun anuncio que ocupa unha páxina do interior ou de 300€ se o anuncio ocupa a contraportada do folleto informativo.

SEGUNDO.-Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos e dese conta do presente decreto ós servizos administrativos, contabeis e de tesourería ós efectos oportunos.

TERCEIRO.- Ratificar este acordo plenariamente por non ter sido acordado pola Xunta de Goberno Local.

Boimorto dezaseis de marzo de dous mil quince

Perante min:

A Alcaldesa

A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez

Decreto: 139 / 2015 **Data decreto:** 08/04/2015 **Descrición decreto:** Convocatoria e aprobación das bases para o funcionamento do programa de termalismo social no Balneario de Compostela en Brión.

DONA ANA LEDO FERNÁNDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vistas as bases para convocatoria e aprobación dos prezos públicos para o funcionamento do programa de termalismo social no Balneario de Compostela en Brión redactadas en data 07/04/2015 polo animador deportivo e que a continuación se reproducen literalmente

<< BASES PARA O FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE TEMALISMO SOCIAL NO BALNEARIO COMPOSTELA DE BRIÓN.

1.- Concepto

Establecemento das bases para a o funcionamento do programa de termalismo no Balneario Compostela de Brión. O Concello, en vista do interese dos veciños polo programa de Termalismo Social, pon en marcha a actividade no Hotel Balneario Compostela de Brión, consiste na visita a este balneario un día á semana (mércores) para gozar das augas termais e do circuíto de sauna, duchas de contraste, sala de musicoterapia e relacións, ... Iranse 8 xornadas consecutivas dende o 15 de abril ata o 3 de xuño. O número de máximo de persoas por día é de 25 e o mínimo é de 15.

A hora e lugar de saída do autocar é ás 15:00 do Centro social de maiores e a chegada aproximada é ás 19:00-19:30 horas.. Obrigatorio levar gorro, bañador, chanclas e toalla.

As entradas e o transporte están subvencionadas ao 100 % pola Deputación Provincial dentro do programa Termalismo Social.

2.- Participantes

Poderán participar todas as persoas empadroadas no Concello maiores de 16 anos.

Todos os asistentes con que se anoten acordan que están conformes coas bases de funcionamento deste programa; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

3.-Inscripción

O prazo de inscrición para cada semana vai dende o xoves anterior á visita ó balneario ata o mesmo día no que se realizará a viaxe. As prazas cubriranse por riguroso orde de inscrición, tendo en conta o seguinte: terán sempre prioridade aquelas persoas que aínda non fixeran ningunha visita sobre os que xa foron unha vez, as que foron unha vez sobre as que foron dúas, e así sucesivamente. As persoas que queden en lista de espera terán preferencia na seguinte xornada.

As persoas que por calquera motivo non poidan asistir deberán avisar con suficiente tempo de antelación para que a súa a praza sexa cuberta, o non avisar con suficiente tempo conlevará non poder asistir na seguinte xornada quedando na listaxe de reserva.

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

Exencións: poderán participar nesta actividade persoas non empadroadas, sempre que sexan usuarios/as do Centro de Recursos para persoas con Discapacidade AMARAI Boimorto, sempre acompañados por persoal responsable para a súa visita. Tendo en conta que terán sempre preferencia as persoas empadroadas no Concello.

Boimorto, 7 de abril de 2015

O Técnico Deportivo

Asdo.- César Buján Barral>>

En virtude do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividade, servizos culturais, deportivos e análogos, publicado no BOP nº 240 de data 10/11/2009 e en uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21 da Lei 7/1985 de bases de réxime local

RESOLVO:

PRIMEIRO.-Convocar e aprobar as bases que rexerán o funcionamento do Programa de Termalismo no Balneario Compostela (Brión) tal e como quedan reproducidas nos consierandos deste acordo.

SEGUNDO.-Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos e dese conta do presente decreto ós servizos administrativos, contabeis e de tesourería ós efectos oportunos.

TERCEIRO.- Ratificar este acordo plenariamente por non ter sido acordado pola Xunta de Goberno Local.

Boimorto oito de abril de dous mil quince

Perante min:

A Alcaldesa

A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernández

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez”

Os membros do Pleno danse por informados.

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA 70/2015 E 82/2015

Pola secretaria dáse conta dos decretos da Alcaldía 70/2015 e 82/2015 que a continuación se reproducen literalmente:

“**Decreto: 70 / 2015 Data decreto: 05/03/2015 Descrición decreto:** Cese de nomeamento de membros da Xunta de goberno local e avocación definitiva das competencias delegadas neste órgano.

DONA ANA LEDO FERNÁNDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o artigo 52 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais , así como, o artigo 13 da Lei

30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo presente RESOLVO :

PRIMEIRO.- Cesar como membros da Xunta de goberno local a:

D^a Isabel Sesar Otero e a

D^a Silvia Mosteiro Monterroso

Facendo constar que segundo o artigo 46 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais que D^a Isabel Sesar Otero perde por este decreto a súa condición de Tenente de Alcalde.

SEGUNDO.- Revocar a delegación de competencias íntegra da Alcaldía na Xunta de goberno local realizada por decreto 201/2011 de data 27/06/2011

TERCEIRO.- Notificar este decreto ás interesadas, así como, proceder a súa publicación no BOP a dar conta do mesmo ó Pleno na primeira sesión que celebre

Boimorto cinco de marzo de dous mil quince

Perante min:

A Alcaldesa

A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernández

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez

Decreto: 82 / 2015 **Data decreto:** 12/03/2015 **Descrición decreto:** Nomeamento de novo Tesoreiro.

DONA ANA LEDO FERNÁNDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a renuncia definitiva ao cargo de Tesoreiro do Concello de Boimorto presentada por D. Álvaro Fontecoba Vázquez con DNI nº 76516822P con rexistro de entrada neste Concello nº 528 en data 12/03/2015.

Informada esta Alcaldía pola Secretaria Intervención que conforme o artigo 2.f) do Real Decreto 1732/1994 de 29 de xullo sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, e de que a competencia para designar a un concelleiro como tesoreiro do Concello estaba ligada á obriga de prestación de fianza e de eximirse o concelleiro tesoreiro desta obriga era necesario acordo plenario, máis dende a Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do empregado público que derogou o capítulo III do Título VII do Texto refundido de réxime local aprobado polo Real Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril título no que se atopa o artigo 164.2 que obrigaba á prestación de fianza, derogado este precepto e non dicindo nada a disposición adicional 2^a do EBEP non hai obriga de prestación de fianza e polo tanto tampouco a necesidade de eximir desta obriga, o que leva a concluír que a competencia para o nomeamento de Tesoreiro debe realizarse conforme ás normas xerais contidas nos artigos 21 e 22 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local e dado que a competencia non se dá ó Pleno, pode concluírse, que en virtude da cláusula residual que atribúe o alcalde todas as competencias non atribuídas expresamente ó Pleno, a competencia para designar concelleiro tesoreiro e de Alcaldía.

Polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da renuncia presentada indicada nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Nomear como Tesoreiro municipal a José Ángel Rey Seoane con DNI núm. 33272663N notificándolle persoalmente este acordo.

TERCEIRO.- Dar conta expresa deste decreto no Pleno municipal sen prexuízo dos seus efectos dende a data da súa sinatura.

Boimorto doce de marzo de dous mil quince

A Alcaldesa

Asdo.- Ana Ledo Fernández

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez”

O concelleiro D. Álvaro Fontecoba pide que se lle permita explicar a súa renuncia á Tesourería municipal, a Alcaldesa dille que despois.

Os membros do Pleno danse por informados.

9.- DACIÓN DE CONTA DECRETO ALCALDÍA 79/2015

Pola secretaria dáse conta do decreto da Alcaldía que a continuación se reproduce 79 /2015 literalmente:

<<**Decreto:** 79 / 2015 **Data decreto:** 11/03/2015 **Descrición decreto:** Rectificación erro aritmético comunicado polo Concello de Vilasantar detectado no proxecto de obradoiro de emprego denominado Obradoiro de Emprego TERRAS DA MONTAÑA I.

DONA ANA LEDO FERNÁNDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Mediante correo electrónico do Concello de Vilasantar comunica o erro sufrido na aprobación do proxecto de obradoiro de emprego denominado “Obradoiro de Emprego TERRAS DA MONTAÑA I”. O erro consiste no importe total do presuposto, xa que onde pon 285.357,80 €uros debería de ser 286.085,00 €uros e na cantidade solicitada á Consellería de Traballo e Benestar onde pon 265.357,80 €uros debe de ser 266.085,00 €uros.

Considerando que este Concello aprobou a solicitude mediante Decreto desta Alcaldía 44/2015 en data 11/02/2015.

Tendo en conta o comunicado do Concello de Vilasantar **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- En aplicación do artigo 105 da Lei 30/1992 de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, rectificar o Decreto 44/2015 quedando como se transcribe a continuación:

<<Téndose publicado no DOG nº 7 do 13/01/2015, a Orde do 30/10/2014 da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2015 e no exercicio de competencias outorgadas no artigo 21.1.s, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de obradoiro de emprego denominado “Obradoiro de Emprego TERRAS DA MONTAÑA I”, por importe de 286.085,00 €uros e coas especialidades de:

ESPECIALIDADE	CÓDIGO	Nº DE ALUMNOS	DURACIÓN
Actividades Auxiliares en conservación e mellora de montes	AGAR0309	15	6 meses
Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes	AGAO0208	15	6 meses

SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar xunto cos concellos de Vilasantar, Sobrado e Curtis unha subvención total de 266.085,00 €uros para o financiamento do referido obradoiro de emprego.

TERCEIRO.- O Concello de Vilasantar actúa como promotor e titular da subvención para a realización do proxecto “Obradorio de Emprego TERRAS DE MONTAÑA I”, sendo os Concellos de Sobrado, Boimorto e Curtis colaboradores do proxecto segundo o convenio asinado entre os representantes dos Concellos de Vilasantar, Sobrado, Boimorto e Curtis.

CUARTO.- Declarar que os bens onde se van a realizar as distintas actuacións referidas no proxecto son de titularidade municipal e que teñen dispoñibilidade para a execución da obra.

QUINTO.- Dar conta deste Decreto na próxima sesión do Pleno municipal.>>

SEGUNDO.- Desta rectificación dese conta ao Pleno municipal na primeira sesión que celebre, así como, a certificación desta rectificación sexa incorporada ao expediente e remitida a Concello de Vilasantar para o seu traslado á Consellería de Traballo e Benestar xunto co resto da documentación requirida.

Boimorto once de marzo de dous mil quince

Perante min:

A Alcaldesa

A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernández

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Os membros do Pleno danse por informados.

10.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN ÓRGANO NON NECESARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA ALCALDÍA PARA PLENO 30/04/2015 DECLARACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL COMO ÓRGANO NON NECESARIO

Visto o artigo 35.2d) do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, que establece a non obrigatoriedade da existencia de Xunta de goberno local en municipios con poboación de dereito non superior a 5.000 habitantes.

Polo presente propono que o Pleno municipal adopte o seguinte ACORDO:

ÚNICO:- Declarar como órgano non necesario a Xunta de goberno local deixando de existir este órgano como necesario no Concello de Boimorto e deixando sen efectos todas as delegacións conferidas por esta Alcaldía na Xunta de goberno local.

Boimorto 27/04/2015

A Alcaldesa:

Asdo.- Ana Ledo Fernández>>

Sen máis intervencións sometida a proposta a votación non prospera o acordo plenario xa que obtén tan só dous votos a favor (dous concelleiros do PSdG-PSOE D^a Ana Ledo e D. José Ángel Rey) e 9 en contra de todos os demais concelleiros, tres do PSdG-PSOE, cinco do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto.

11.- DACIÓN DE CONTA DECRETO ALCALDÍA 83/2015

Pola secretaria dáse conta do decreto da Alcaldía que a continuación se reproduce 83 /2015 literalmente:

<<**Decreto:** 83 / 2015 **Data decreto:** 13/03/2015 **Descrición decreto:** Marcos orzamentarios.

DONA ANA LEDO FERNÁNDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF), establece no seu artigo 6 a obriga de remitir información sobre os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das entidades locais.

O artigo 5 da dita Orde dispón a obriga de que a remisión da información antedita se realice por medios electrónicos e mediante sinatura electrónica, a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas habilite ao efecto.

Tendo en conta a Guía elaborada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a remisión de información sobre os marcos orzamentarios, así como, os cadros a cumprir respecto da dita información, os marcos orzamentarios, a información con que se conta a día de hoxe e unha aplicación prudente da súa posible evolución tivéronse en conta os seguintes criterios para efectuar as estimacións:

1.- Ingresos:

- Os datos en estimación de dereitos recoñecidos do exercicio 2015 son unha previsión da liquidación do orzamento de ingresos calculada como segue: No relativo ó capítulo 1 tense en conta o % de execución de dereitos recoñecidos sobre previsións definitivas na liquidación do exercicio 2014 e aplícase as previsións no 2015, o mesmo sobre capítulo 3 e 4 (aquí excepcionando a contía de participación en tributos do estado e fondo autonómico que se suman polas contías certas do 2015 que se estiman en función das entregas a conta que vimos percibindo) e igual sobre os capítulos 5 e 7. O capítulo 2 mantén a contía de dereitos recoñecidos do exercicio anterior 2014.

En relación coa evolución proxeccións de dereitos recoñecidos nos anos 2016, 2017 e 2018 para os capítulos 1, 3, 4 (só para a participación en tributos do estado) e 5 faise un incremento anual polo 2% , no capítulo 2 mantense a mesma contía de previsión de dereitos recoñecidos que no 2015 e o mesmo para os capítulos 4 na parte que non é participación nos tributos do estado, fondo autonómico e capítulo 7.

rentes							
--------	--	--	--	--	--	--	--

SEGUNDO.- Dar conta aos Servizos Económicos, para que a Intervención municipal remita os datos indicados no texto deste Decreto para dar cumprimento ao sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno do presente decreto para o seu coñecemento na próxima sesión que se celebre

Boimorto trece de marzo de dous mil quince

Perante min:

A Alcaldesa

A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernández

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Os membros do Pleno danse por informados.

12.- PROPOSTA DEFENSA DO SECTOR LEITEIRO

Pola Alcaldía dáse a palabra o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas que expón: que este acordo é moi importante e hai que deixar a un lado as liortas, sinala que xa non é rentable o prezo do leite e estase a producir un desmantelamento do sector lácteo a continuación sinala:

<<MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DO SECTOR LEITEIRO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai unha inmensa presión mafiosa por parte da industria en xeral para que os gandeiros asinen os contratos da nova etapa a prezos irrisorios e ademais que formalicen e entreguen nas Oficinas Agrarias Comarcais a renuncia expresa á duración mínima dun ano que o contrato debe ter por lei, para reducilas excepcionalmente a seis meses.

Na última campaña Galicia tivo os prezos máis baixos do Estado Español e con diferenza. No mes de febreiro pasado, último mes con datos oficiais, a media no noso País foi de 30cts. litro, en Cataluña 33cts., en Asturias 35cts. e en Andalucía 36cts. Hai industrias que recollen leite a un prezo do Eo para alá e máis baixo do Eo para aquí.

A día de hoxe o prezo medio dos contratos que se están formalizando entre gandeiros e empresas ronda ós 26cts. Sabido é que por baixo de 30cts. litro non se cobren custos de produción. Esta situación estase a dar porque as industrias están a impoñer unilateralmente os prezos que lles conveñen sen ningún diálogo previo cos produtores. Non se trata pois dunha negociación e si dunha clara explotación e liquidación do sector agrogandeiro.

A industria en Galicia non transforma leite, só envasa en cartóns ou fabrica leite en po.

Irlanda pretende incrementar a súa produción nun 50% ata o 2.020. Holanda nun 17% nos próximos 10 anos. Isto responde a unha clara aposta dos respectivos gobernos polos seus sectores gandeiros. En Galicia mentres tanto o goberno da Xunta prefere ollar para outro lado e deixar que o sector desapareza no canto de intervir forzando unha negociación que garanta uns prezos que permitan ao sector sobrevivir neste crítico momento, e impulsando para o futuro unha política de incremento da actividade gandeira que devolvese algunha esperanza ó rural galego.

Todo parece indicar que a única actividade do sector primario que conta con planificación positiva e apoio do goberno da Xunta de Galicia é a plantación masiva de eucaliptos. ¿Pretendese deixar que se arruíne o sector lácteo para ocupar esas terras tamén con planta? A Mesa do Leite non se reuniu practicamente nos últimos anos coma se o sector estivese a pasar un período de vacas gordas, con perdón.

En definitiva, a industria decidirá canto se produce, a que prezo, os parámetros de calidade e as zonas de recollida, o cal ameaza un modelo de produción sostible baseado en granxas familiares espalladas por todo o territorio galego. Oriéntase pois o sector á concentración en granxas industriais de grande tamaño, con pouco emprego, cunha produción cada día máis intensiva, coa utilización masiva de antibióticos e agrotóxicos, cun leite que cada día xerará máis problemas para a saúde, insostible dende o punto de vista ambiental (contaminación por nitratos, erosión por herbicidas...) e concentradas en moi poucas zonas do País.

É pois o momento de reaccionarmos e defender o que aínda nos queda da prometedora actividade gandeira de hai 25 anos. Non lle deamos as costas ós nosos veciños gandeiros nestes momentos decisivos. Ergamos a nosa voz e presionemos como Pleno representativo dos veciños de Boimorto. Por todo isto este concelleiro do BNG solicita do Pleno Municipal de Boimorto a toma do seguinte **ACORDO**

--**Manifestar a nosa preocupación e alarma pola actual situación e instar ó goberno da Xunta a que active a mesa do leite, arbitre e interveña a favor dun prezo que permita sobrevivir dignamente ao sector lácteo e que promova políticas de expansión do mesmo para desenvolver o medio rural galego posibilitando un incremento da actividade económica, freando así o acusado declive demográfico.**

--**Dar traslado deste acordo ó goberno da Xunta e ós grupos políticos do Parlamento de Galicia.**

Boimorto, 21 de abril de 2.015

Asdo. Xosé Luís Rivas Cruz

SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE BOIMORTO>>

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

--Manifestar a nosa preocupación e alarma pola actual situación e instar ó goberno da Xunta a que active a mesa do leite, arbitre e interveña a favor dun prezo que permita sobrevivir dignamente ao sector lácteo e que promova políticas de expansión do mesmo para desenvolver o medio rural galego posibilitando un incremento da actividade económica, freando, así, o acusado declive demográfico.

--Dar traslado deste acordo ó goberno da Xunta e ós grupos políticos do Parlamento de Galicia.

13.- PROPOSTA A PROL DO MANTEMENTO E GRATUIDADE DOS REXISTRO CIVÍS

Pola Alcaldía dáse a palabra ó concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas que expón que non se poden sacar referentes e servizos administrativos da porta das casas, que o rexistro civil é necesario e debe ser gratuíto e que este servizo non debe estar en maos privadas.

<<**MOCIÓN A PROL DO MANTEMENTO E GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do PP no Estado español aprobou o pasado ano o Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, que leva aparelado o traspaso dos rexistros civís aos rexistros da propiedade e mercantís. Desaparece, así, un servizo público que se prestaba gratuitamente á organización rexistral, onde se gravan cun arancel as prestacións realizadas aos usuarios e usuarias. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuito acabará converténdose con case total seguranza en de pago obrigado. A este respecto, cómpre subliñar que o obxectivo do PP no seu modelo de servizos públicos privatizador é que as persoas usuarias sexan as que custeen o servizo, como xa foi introducindo na sanidade ou nos servizos sociais.

O Rexistro Civil é un servizo público e gratuito que cumpre numerosas funcións, que son indispensábeis para a vida diaria de calquera persoa: inscrición de nacementos, estado civil, cambio de nome ou sexo... Hai trámites sinxelos, mais outros requiren acudir en persoa, o que o converte nun servizo impre-scindíbel. E as persoas usuarias van precisar expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, uns documentos que, á súa vez, son obrigatorios para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas. Para alén disto, en moitos casos terán que facer longos e custosos desprazamentos, pois recentemente confirmouse que o Rexistro vai ser asumido unicamente por aqueles que teñen competencias mercantís. O mapa, pois, na Galiza ficaría só con rexistros na Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra, fronte á actual presenza dos rexistros civís en todos os concellos galegos.

Despois de ter investido inxentes recursos públicos para a modernización e dixitalización dos rexistros civís, agora póñense en mans privadas, impoñendo taxas que non ingresarán nas arcas públicas senón nas dos rexistradores/as directamente. E, a maiores, a protección de datos persoais e obrigatorios que contén o Rexistro Civil queda en evidencia ao se poñer en mans de persoal que non ten o carácter de funcionariado público nin o deber de confidencialidade. Por outra parte, é preciso non esquecer a previsíbel perda de postos de traballo de persoal dependente agora do Ministerio de Xustiza.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita da Corporación en Pleno, a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Expresar o rexeitamento ao *Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia*, instando ao Goberno do Estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.**
- 2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan os rexistros civís.**
- 3. Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.**

Boimorto, 21 de abril de 2.015

Asdo. Xosé Luís Rivas Cruz

SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE BOIMORTO>>

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

- 1. Expresar o rexentamento ao *Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia*, instando ao Goberno do Estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.**
- 2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan os rexistros civís.**
- 3. Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.**

14.- PROPOSTA ARQUIVO MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM DE BOIMORTO

Explica a Secretaria que é necesario o arquivo desta modificación puntual que xa non ten sentido a súa tramitación tras a consulta feita á Consellería do medio rural e do mar e polos cambios legislativos que se produciron dende a aprobación inicial.

Sen máis intervencións, por unanimidade, con 11 votos a favor 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

UNICO:- Arquivar o expediente de modificación puntual nº 1 do PXOM de Boimorto.

15.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días; 24/02/2015 a 27/04/2015, números 55 a 165.

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún membro político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas. Non se presenta ningún asunto.

16.- ROGOS E PREGUNTAS

A Alcaldesa dálle a palabra ó concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas que roga que se entreguen en CD ou por medio dixital as copias de decretos.

Continúa este concelleiro rogando ante as protestas no último Consello Escolar que se mellore a fachada do colexio e se repare o termo da cociña (dille Alcaldía que xa se pediu peza para reparalo).

Continúa o mesmo concelleiro rogando que se redacte e eleve a Pleno a ordenanza que regule o uso de lodos depuradoras como fertilizantes, di e que é urxente e un tema importante .

O concelleiro do grupo municipal do PsdG-PSOE D. Álvaro Fontecoba roga á Alcaldía que lle deixe explicar o por qué da súa renuncia ó cargo de tesoureiro municipal.

A concelleira do grupo municipal do PP, D^a M^a Jesús Novo, pregunta e roga que a Alcaldesa explique os gastos que o Concello realizou no colexio na última candidatura. Continúa esta concelleira felicitando polo seu traballo os traballadores municipais na feira de Magreco e felicitando a Alcaldesa polo discurso en Magreco a pesar das mentiras que entende dixo nel. Solicita D^a M^a Jesús Novo que se lle informe sobre o estado da denuncia que presentou o sindicato pedindo que se paguen as horas extras que se fan a maiores do horario normal na Residencia. Pregúntalle á Alcaldesa e rógalle que explique por qué en documentación que recolleu Suso de Mari tras pactos con Alcaldía tiña un sobre con diñeiro.

A concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE D^a Isabel Sesar pide a Alcaldía que explique o por qué de desfacer a Xunta de Goberno e deixala sen o cargo de Tenente de Alcalde. Continúa rogando explicacións á Alcaldía da contratación para Magreco dunha empresa privada non utilizando persoal do Concello gastando sen control.

A Alcaldesa dálle a palabra ó concelleiro D. Álvaro Fontecoba para que explique a súa renuncia ó cargo de Tesoureiro municipal e este di que deixou de ser tesoureiro xa que doeulle axudar sempre voluntariamente a todo, facer churrascos, etc., e que non se lle invite á inauguración da pista de pádel, polo que se non vale para nada tampouco para asinar, e ademais non está de acordo en que se gaste todo, nin nas mentiras en plenos anteriores, xa que, no churrasco do Festival de la luz 2014 constan ingresos por uns 9.300€ cando foron 15.000€.

A Alcaldesa di que intentará que se faga a ordenanza que reclama D. Xosé Luís Rivas para regular o uso dos lodos.

Continúa Alcaldía sinalando que en relación cos gastos no colexio nos últimos 4 anos pódese falar duns 10.000€ entre reparacións e mantemento sen contar os custes de persoal anual adicado ó colexio con labores baixo dirección da directora do colexio, que chegan ata repartir bocadillos, ... En relación ás reparacións pendentes di que se farán, que hai reparacións que corresponden ó Concello e outras á Consellería e sobre a demanda de mellora da fachada di que considera que será xa unha xestión do novo goberno, e remata sinalando que xa pediu peza do termo.

En relación á denuncia de sindicatos ante inspección laboral solicita Alcaldía que a Secretaria explique o expediente: e esta secretaria sinalou que se recibiron dous escritos de Inspección de Traballo un con advertencias de posible inicio de expediente sancionador de non modificar nóminas do persoal da residencia, pagar horas extraordinarias e adaptarse ó establecido no Convenio de residencias privadas de Galicia, ó que se respondeu incluso falando previamente coa inspectora asinante en función da non aplicación dese convenio no ámbito das residencias de titularidade pública como sinala o propio convenio, ademais noutro escrito chegado ó Concello comunicase directamente por Inspección de Traballo, tras visita realizada ó centro da Residencia o (non resolución) inicio de expediente sancionador por non respectarse a xornada máxima, sinalando o caso de dous traballadores en relación co que se alegou a discordancia entre os feitos constatados por inspección e o que consta nos rexistros de entradas e saídas deses dous traballadores no centro de traballo, así como á rectificación e cumprimento da legalidade vixente que foi realizada antes do inicio do expediente sancionador.

A concelleira Silvia Mosteiro di que se fixeron mal as cousas e que aínda agora se están a corrixir .

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas di que conste en acta que lle doeu moito, xa que non se deu conta, que antes de poñer en funcionamento a residencia el pediu que os salarios foran por convenio e que non sexa así.

A Secretaria pide a palabra á Alcaldía para facer constar que si foi así que o salario en bases de selección para formación de bolsas de persoal laboral temporal para a residencia si que ten a contía do convenio no ano da contratación, mais as Leis de Orzamentos Xerais do Estado impediron incrementos salariais afectando a todo o persoal ó servizo das administracións públicas, polo que ditos salarios non se corresponden cos que actualmente contempla este convenio, menos cando a relación laboral se rexe por pacto individual.

Continúa o concelleiro do grupo mixto sinalando a ilegalidade das bases de selección nas que se pide residencia neste termo municipal, non sendo legal (di secretaria que está informado xuridicamente en cada expediente) .

A Alcaldesa, dirixíndose á concelleira do grupo municipal do PP D^a M^a Jesús Novo, preguntalle en que se basa para dicir que mentiu en Magreco .

A concelleira do PP di que mentiu xa en anteriores plenos dicindo que non enviara a persoal do Concello a pedir ó PP que aprobasen o orzamento 2015.

A Alcaldesa di que se mantén no dito que estamos ante palabras duns contra outros..

En relación co reproche do requisito de residencia en bases de selección a Alcaldesa di que isto foi corrixido e se fixo en relación coa praza de condutor auxiliar da residencia un proceso de selección riguroso.

Insiste a concelleira do PP D^a M^a Jesús Novo en que explique Alcaldía o de Suso de Mari e o sobre que se lle deu con cartos, resposta Alcaldía que non pensa entrar nos disques nin nos rumores que denuncie os feitos se están tan seguros.

Sobre desfacer a Xunta de Goberno Local di a Alcaldesa que hai discrepancias e desacordos entre os membros que levaron a esta ruptura e que, a cesou como tenente de alcalde, xa que, non tiña sentido, xa que, para asistir á Xunta de Goberno hai que ser Tenente de Alcalde.

Pide a palabra a Secretaria e aclara que son de entre os membros da Xunta de Goberno se existe dos que se nomea ós/as Tenentes de Alcalde.

A concelleira Silvia Mosteiro di que a Alcaldesa moléstalle quen non lle vota a todo que si.

A Alcaldesa di que na Xunta de Goberno adoptáanse acordos baixo motivación nos informes técnicos e que nin así lles valían, así que preferiu tomar decisións baixo a súa única responsabilidade .

O concelleiro do grupo municipal do PsdG-PSOE D. Álvaro Fontecoba di que o cambio do contrato do condutor cando lle preguntaron dixo Alcaldía que era legal e non o era .

Intervén esta Secretaría intervención dirixíndose ó extesoureiro D. Álvaro Fontecoba para dicirlle que nunca acudiu á intervención a dicir que os ingresos do Festival eran falsos, e que como tesoureiro é responsable e que comunicará ós organismos competentes o dito. A concelleira do grupo municipal do PP D^a M^a Jesús Novo dille a esta Secretaria que se informou por ela deses ingresos, resposta esta secretaria que en dación de fe pública o que fixo secretaría intervención foi certificar o que consta na contabilidade como ingresado o que é ben diferente, que ela non estaba no churrasco controlando ingresos e xa informou no seu momento das irregularidades da recaudación non feita por funcionarios e baixo outros criterios que permitiran maior control e seguridade sobre o recaudado .

Continúa Alcaldía sinalando que contratou unha empresa privada para vixiancia nocturna en Magreco xa que era máis seguro que con empregados municipais.

A Secretaria solicita a Alcaldía que se ordene o punto da orde do día recordando que son rogos e preguntas .

O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas di que é penoso que un proxecto que empezou fai 12 anos acabe así con sospeitas e historias de politiqueo barato.

Pregunta Secretaria se hai máis rogos e preguntas.

Sen que se manifeste máis que o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas pedindo que el quere que todo conste en acta.

Sen máis rogos nen preguntas a Alcaldesa levanta a sesión.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 21:20 minutos do expresado día. Autorízase a presente actar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- Ana Ledo Fernandez